

ESTUDIO SOBRE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO HADO INFORME DE CAMPO

1. Aspectos xerais

Expoñemos neste documento os diferentes procesos e resultados do traballo de campo correspondente á realización da enquisa sobre o servizo de hospitalización a domicilio HADO da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. A execución do traballo consistía na realización de enquisas telefónicas, gravación e depuración dos datos que permita coñecer a satisfacción dos usuarios/as sobre o devandito servizo.

A continuación explícanse os principais fitos na execución do traballo de recollida de información. Trátase dunha investigación demoscópica por amostraxe, baseada na enquisa ós e ás usuarios/as do servizo durante o ano 2020, ou ben ós responsables dos seus coidados no seu defecto. O ámbito de realización da enquisa foi a Comunidade Autónoma de Galicia. A ferramenta de recollida da información é un cuestionario previamente deseñado pola Consellería de Sanidade. Basease nunha amostraxe estratificada óptima de **1.865 entrevistas** distribuídas por Área Sanitaria coas seguintes cifras:

AREAS SANITARIAS	MOSTRA IDEAL	MOSTRA REAL
A.S. A Coruña-Cee	303	310
A.S. Ferrol	153	127
A.S. Lugo-A Mariña-Monforte	309	313
A.S. Ourense-Verín-O Barco	276	279
A.S. Pontevedra-Salnés	245	246
A.S. Santiago-Barbanza	290	296
A.S. Vigo	289	294
TOTAL	1.865	1.865

Despois da implementación no sistema informático do cuestionario fornecido pola Consellería de Sanidade, establecéronse os controis e filtros necesarios para garantir a calidade da información aplicada sobre o formato de preguntas definido.


O sistema informático empregado é Integra 4, software especializado na aplicación de entrevistas multicanle. Todas as enquisas deste estudo foron realizadas mediante sistema CATI (Computer Assisted Telephone Interview), un dos módulos de Integra especificamente orientado á realización de entrevistas asistidas por ordenador.

2. Traballo de campo

O cuestionario aplicouse á poboación obxecto de estudo mediante a técnica de entrevista telefónica asistida por ordenador (sistema CATI)

A mostra foi deseñada por Instituto Sondaxe e aprobada pola propia Consellería de Sanidade, que forneceu, de cara á realización do traballo de campo, unha relación de usuarios/as do servizo. A devandita base estaba composta por 6.441 persoas que foran tratadas no servizo de hospitalización a domicilio. Elimináronse do rexistro das os/as doentes que foran atendidos en máis dunha ocasión e depurados os rexistros sen teléfono, a base final quedou composta por 4.914 rexistros. O universo de estudo constitúise por os e as doentes que foron alta no servizo HADO durante o ano 2020, ós que se lles fixeron cuestións relativas á súa última hospitalización. A mostra total final foi de 1.865 entrevistas desglosadas nos sete estratos definidos por áreas sanitarias. No deseño de mostra tamén tiveronse en conta a estacionalidade da hospitalización e a duración da mesma, curta estancia (9 días ou menos) e longa estancia (10 ou máis días).

O traballo de campo foi desenvolvido por 15 enquisadores telefónicos especificamente formados para a execución do traballo e distribuídos en quendas de mañá (de 9 a 15 horas) e tarde (15 a 21 horas). O traballo de campo desenvolveuse entre o 5 de xullo e o 22 do mesmo mes do ano 2021, conforme á seguinte distribución:



A duración media das entrevistas aos informantes foi de 6 minutos e 19 segundos, cun máximo de 29 minutos e 23 segundos. Os 15 teleoperadores asignados ó estudo amosaron medias de

duración das enquisas que oscilaron entre os 4 minutos e 38 segundos e os 9 minutos e 38 segundos.

INCIDENCIAS

Expoñemos a continuación a distribución total das incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do traballo de campo.

RESULTADO DO CONTACTO	ABSOLUTOS	PORCENTAXE
NEGATIVA A PARTICIPAR	227	10,2
FÓRA DE COTAS (ESTAR SENDO ATENDIDO/A ACTUALMENTE OU NON SER ATENDIDO/A NO 2020)	123	5,6
ENTREVISTA CORRECTA	1.865	84,2
TOTAL PERSOAS CONTACTADAS	2.215	100,0
TELÉFONO ERRÓNEO / INEXISTENTE	75	2,8
REXISTROS NON CONTACTADOS	2.624	97,2
TOTAL PERSOAS NON CONTACTADAS	2.699	100,0